Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 25 de outubro de 2024
(Orzamentos 2025-C.Vivenda e Planif. de Infraestrut.)

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o día 25 de outubro de 2024, ás 12:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Manuel Santos Costa)
(Secretaria en funcións)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Juan Manuel Casares Gándara
María Deza Martínez
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Jesús María Fernández Rosende
(en substitución de Cristina Sanz Arias)
José Luis Ferro Iglesias
(en substitución de Noelia Pérez López)
Julio García Comesaña
Argimiro Marnotes Fernández
(en substitución de Patricia García González)
Roberto Rodríguez Martínez
(en substitución de Miguel Fidalgo Iglesias)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Alexandra Fernández Gómez
(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonzo)
Carmela González Iglesias
(en substitución de Brais Ruanova Vilas-Boas)
Paulo Ríos Santomé
(en substitución de Rosana Pérez Fernández)
Montserrat Valcárcel Armesto
(en substitución de Óscar Insua Lema)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Carlos López Font
(en substitución de Patricia Iglesias Rey)
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Comparecente:
Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta reinicia a sesión e rógalle á señora Pomar Tojo, Carmen María, secretaria en funcións, que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar as substitucións. Logo da constatación destas, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único.- Comparecencia da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e responsables das entidades instrumentais dependentes da Consellería
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025
13638 (12/PL-000004)
Publicación e asignación á Comisión, BOPG n.º 104f1, do 19.10.2024

A presidenta, logo de darlle a benvida á conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, e ao equipo da Consellería que a acompaña, explica o desenvolvemento da sesión, que consistirá nunha primeira intervención do comparecente, por un tempo de entre 20 e 30 minutos; seguirá a dos representantes dos grupos parlamentarios por un tempo de 10 minutos cada un, e para contestarlles, o señor conselleiro contará cun tempo de 10 minutos. Finalmente, os grupos parlamentarios disporán dunha rolda de 5 minutos cada un e o conselleiro doutros 5 minutos para contestarlles e rematar á súa comparecencia.

A continuación, a presidenta concédelle a palabra á **conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue**, quen procede a informar sobre os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 correspondentes á súa consellería e aos organismos dela dependentes.

Deseguido, ábrese a rolda de grupos parlamentarios, na que fan uso da palabra: o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** o **señor López Font, Carlos (S),** a **señora Fernández Gómez, Alexandra (BNG),** e a **señora Deza Martínez, María (P),** que formulan diferentes preguntas e consideracións sobre a información recibida.

Ao remate das anteriores intervencións, a presidenta concédelle de novo a palabra á **conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue,** quen contesta ás consideracións formuladas polos anteriores voceiros e voceira.

A continuación ábrese unha segunda rolda para precisións por parte dos diferentes grupos parlamentarios, na que interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** o **señor López Font, Carlos (S),** a **señora Fernández Gómez, Alexandra (BNG),** e a **señora Deza Martínez, María (P)**.

PARLAMENTO DE GALICIA

Finalmente, a **conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue,** contesta ás cuestións expostas polos portavoces, e coa súa intervención péchase a comparecencia.

A presidenta, logo de reiterarlle o seu agradecemento á conselleira e aos membros do equipo da Consellería que a acompañan, facéndoo extensivo aos grupos parlamentarios e aos servizos da Cámara e lémbralles ás súas señorías que a Comisión volverase reunir ás 16.00 horas, coa comparecencia da conselleira de Política Social.

Remata a sesión ás 14:15 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal da sesión.)

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.11.04 09:42:06 +01'00'

Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Carmen Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.11.04 09:17:23 +01'00'

Carmen María Pomar Tojo
Secretaria en funcións da Comisión

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª. ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS, DO DÍA 25 DE OUTUB RO DE 2024

-Orzamentos 2025-

(Comparecencia da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas)

(Reiníciase a sesión ás 12.30 horas).

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ola, bo día. Reanudamos esta sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, para o que lle prego, por favor, á señora secretaria, que lea a lista de membros da comisión a afectos de substitución, por favor.

A **secretaria (Pomar Tojo):** Moi bo día.

(A señora secretaria procede a dar lectura da relación de asistentes.)

Hai quórum.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora secretaria.

Recórdolles as súas señorías como é o procedemento. Temos xa connosco á señora Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e ao seu equipo, a quen lle damos a benvida nesta sesión informativa para os orzamentos de 2025.

En primeiro lugar, a conselleira terá en nome do Goberno a palabra entre 20 e 30 minutos; a continuación unha quenda de 10 minutos para cada un dos grupos; unha nova quenda da señora conselleira de réplica e contestación de 10 minutos; finalmente os grupos terán unha quenda final de 5 minutos e pechará a comparecencia tamén por 5 minutos a señora conselleira.

Sen mais, reiterando o agradecemento por tela nesta comisión, ten vostede a palabra cando queira, señora Martínez.

A **Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue):** Comparezo por primeira vez nesta Comisión 3ª do Parlamento de Galicia para dar conta polo miúdo dos orzamentos para o ano 2025 deseñados pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Unha carteira de nova creación, como ben saben, que ten como obxectivo o desenvolvemento, a promoción e a coordinación da política en materia de vivenda, urbanismo e planificación de infraestruturas.

Uns orzamentos que sitúan á vivenda no centro das nosas políticas co obxectivo de desenvolver medidas excepcionais que dean resposta ás necesidades actuais tanto de vivenda como de planificación do territorio.

Sobre esta base deseñamos uns orzamentos que nos permitirán: Primeiro. Destinar 240 millóns de euros a políticas de vivenda e urbanismo, dos que a metade estarán destinados á construción de nova vivenda pública e á adquisición de solo

residencial. E, segundo, investir 265 millóns de euros na cohesión territorial de Galicia a través da execución dos grandes eixos de comunicación como a autovía Tui-A Garda ou Santiago-A Estrada. E coas vías vertebradoras das grandes vilas e cidades, así como actuacións programadas nas fachadas marítimas de Vigo, Coruña e Ferrol, que contribuirán á modernización e humanización destas cidades.

En total falamos dun orzamento de 513,8 millóns de euros, case un 8 % máis que o ano pasado, cos que daremos resposta ao reto urxente de favorecer a planificación territorial, a execución de vivenda protexida e a articulación axeitada do noso territorio, avanzando nunha Galicia mellor conectada e máis humana.

Un presuposto que nos servirá para acadar tres grandes obxectivos.

Primeiro, reforzar a vivenda protexida en Galicia co obxectivo de acadar os retos de lexislatura: duplicar as vivendas públicas e facilitar a construción de 25.000 novas vivendas.

Segundo, impulsar e axilizar a tramitación dos procedementos previstos na normativa autonómica relativas á vivenda e a solo residencial para facilitar a entrada de máis vivenda no circuíto de venta e de alugueiro, así como para impulsar o remate de inmobles inacabados e a conversión de baixos en vivendas.

E terceiro, continuar medrando e mantendo en boas condicións as infraestruturas de comunicacións que se erixen en vector de competitividade e cohesión territorial.

Uns orzamentos que medran case un 8 % con respecto ao ano 2024. Uns orzamentos que cumpren cos nosos compromisos de crecemento da vivenda pública, triplicando os fondos destinados á construción de vivenda. E uns orzamentos que nos permitirán sumar máis quilómetros de vías de alta capacidade gratuítos e libres de peaxe tras o rescate das concesións de 4 das nosas autovías.

Orzamento, que paso a debullar a continuación, centrado nas seguintes áreas: Construción de nova vivenda e rehabilitación da existente, así como axudas orientadas tanto á construción como á venda e o alugueiro; ampliación das grandes vías de comunicación e conservación e mantemento da rede de estradas autonómicas; recuperación e humanización dos espazos urbanos e construción de grandes infraestruturas para servicios públicos.

No que atinxe á vivenda daremos cumprimento ao actual Pacto social de vivenda 2021-2025, que incluía unha serie de medidas das que máis do 93 % están executadas ou en fase de execución, e xa estamos a traballar co resto dos axentes implicados no novo documento con horizonte 2030.

Pero ademais avanzaremos de xeito significativo nos obxectivos fixados na lexislatura, na Estratexia de vivenda pública para duplicar o número de vivendas públicas ata acadar as 8.000, e na Estratexia galega de solo residencial para facilitar a construción de 25.000 novas vivendas; 20.000 delas protexidas e 5.000 libres.

Dous liñas estratéxicas que aprobamos xa en marzo deste ano e para as que neste ano 2025 destinamos 100 millóns de euros para a construción de nova vivenda pública; 20 millóns de euros para impulsar o desenvolvemento de solo residencial, tanto en vivenda pública, como protexida, como libre e 7 millóns de euros para rehabilitar a vivenda e inmobles a través do Programa Rexurbe. Supón isto que triplicamos os investimentos reais en vivenda.

Investimentos especialmente destinados ao impulso da vivenda protexida e que representan o 60 % do orzamento co que o Instituto Galego de Vivenda e Solo conta para este ano, que ascende á cifra récord de 221,3 millóns de euros. Un orzamento que se traduce nunha suba de 55 millóns de euros respecto ao ano pasado, e na que quero destacar especialmente a inxección de fondos propios da Xunta, que é dun 75 % máis. Deste xeito a Xunta destina directamente dos seus fondos 123 millóns de euros a políticas de vivenda. Unha cifra á que hai que sumar os 17,71 millóns de euros cos que contará a Dirección Xeral de Urbanismo e os 2,3 da recente creada Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.

Estes investimentos suman pois unha partida histórica de algo máis de 241 millóns para políticas de vivenda e de urbanismo e é o orzamento máis alto da historia do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

E para o impulso efectivo destas estratexias quero anunciarlles unha das iniciativas que estamos a pór en marcha: A creación da Sociedade de vivenda pública de Galicia, que vai ser a encargada de construír unha parte da vivenda pública que imos impulsar dende a Xunta de Galicia. Unha sociedade que nace da escisión de Xestur co obxectivo de separar a xestión da vivenda e solo residencial do industrial, e que será a que asuma a promoción dunha parte das máis de 2.300 vivendas públicas nesta lexislatura, ás que se sumarán as que xa está a promover o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Señorías, temos actualmente máis de 1.500 vivendas de promoción pública das que case a metade temos xa en fase de construción. A estas máis de 5.000 novas vivendas de promoción pública temos que sumar as 143 que imos adquirir a particulares cun investimento de case 8 millóns de euros, e tamén as 256 que están en construción por parte de cooperativas en terreos propiedade da Xunta de Galicia.

En definitiva, estamos vendo os primeiros froitos desta estratexia de vivenda pública e protexida, conscientes de que temos por diante un camiño que percorrer para acadar ese incremento do noso parque público de vivenda.

E por iso tamén avanzamos de xeito paralelo con outras medidas, como é a rehabilitación, outros dos nosos grandes piares de actuación, e ao que destinamos no 2025 máis de 52 millóns de euros, que nos permite seguir apostando pola recuperación do xa construído, pola modernización, mellora e accesibilidade do noso parque de vivenda, especialmente nos centros históricos das cidades e tamén nos concellos máis pequenos.

Un capítulo no que destacamos o Programa Rexurbe, ao que destinamos 7 millóns de euros que nos permitirán acometer as 65 actuacións que actualmente ten programadas o IGVS e que xa temos posto en marcha en 24 vivendas en Betanzos, Ferrol, Viveiro, Ourense, Ribadavia ou Tui.

E as actuacións, por suposto, de conservación e mellora do parque de vivenda pública, 2,5 millóns de euros. Incluímos tamén no programa de axudas á rehabilitación ao que destinamos 26 millóns de euros que corresponden ás actuacións a nivel do edificio, do Libro do edificio e da mellora da eficiencia enerxética. Ou o programa de axudas para a mellora da accesibilidade, 7,75 millóns. Ademais dunha serie de baterías de axudas por importe de ata 6 millóns de euros; axudas para vivenda de titularidade municipal en alugueiro social, 2,1; axudas á reparación de vivendas públicas, 1,1; o Programa de ARI Ribeira Sacra e ARI Camiño de Santiago, 1 millón de euros; programa de apoio ás oficinas de rehabilitación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, 1,5 millóns de euros ou infravivendas dotadas de 0,37 millóns.

E seguiremos impulsando, por suposto, as actuacións de rehabilitación no Consorcio do Casco Vello de Vigo, ao que destinamos un orzamento de 400.000 euros. Ademais, ao longo do ano o Fondo de Cooperación para Rehabilitación, que un ano máis pomos a disposición dos concellos cun orzamento de 10 millóns de euros.

E non quero pechar este capítulo sen facer mención ás axudas para o acceso á vivenda, ao que daremos continuidade neste ano 2025, todas elas de carácter plurianual e á que destinamos este ano, 31,3 millóns de euros para facilitar o acceso ao alugueiro, como a compra, como a promoción de vivenda protexida.

Así, o programa de axudas ao alugueiro este ano 13,2 millóns, 10 millóns para alugueiro con carácter xeral e 3,2 para o bono alugueiro social; como saben, acada o 100 % da axuda do importe de alugueiro para colectivos máis vulnerables.

Tamén as axudas para promotores, para que constrúan vivenda destinada ao alugueiro, 8,3 millóns de euros. Tamén no programa de axudas á adquisición de vivenda, 3,8 millóns de euros tanto para menores de 36 anos en concellos de menos de 10.000 habitantes, como en centros históricos, como para a adquisición de vivenda protexida.

E quero destacar tamén neste punto e neste conxunto de medidas, o reforzo que facemos para a emancipación da mocidade coa posta en marcha deses aloxamentos temporais para a mocidade menores de 36 anos, a través de aloxamentos compartidos que

estamos a impulsar en colaboración coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, con actuacións protexidas de carácter permanente e que están chamadas a dar un primeiro paso para constituír ese proxecto vital de menores de 36 anos. Ademais tamén reservamos para este colectivo o 40 % en alugueiro e o 25 % en venta das novas vivendas que construamos. E, por suposto, mantendo o aval mozo co que garantimos o 20 % da hipoteca concedida.

E tamén xestionaremos, por suposto, o abono alugueiro mocidade, do que estamos aínda á espera de recibir a transferencia dos 11,4 millóns de euros que o Goberno central destina a Galicia para esta nova convocatoria. Unha convocatoria bianual e que, pese ás nosas reiteradas demandas, mantén as mesmas bases e recorta á metade a axuda. Se na primeira convocatoria Galicia obtivo 22,8 millóns de euros do Goberno central, co que só puidemos acadar o 30 % das solicitudes; agora nos corresponde a metade 11,4 millóns de euros para dous anos, esa porcentaxe verase claramente reducida.

Unha convocatoria que lle lembro executamos ao 100 %, a pesares de non estar de acordo coas bases e recibir a transferencia con máis de medio ano de atraso.

Unha axuda coa que non estamos tampouco de acordo nin coas bases nin co plantexamento e que non só criticamos nós, senón que tamén o fai o Banco de España, a Facua, a OCU ou incluso os socios do propio Goberno central. Un exemplo máis da forma de actuar do Ministerio da Vivenda: tarde, sen consensuar coas comunidades autónomas, xerando expectativas que non se poden cumprir anuncio tras anuncio, sen medidas efectivas que o respalden e poñendo ás comunidades autónomas permanentemente en situación de dificultade de xestión.

Lonxe de medidas e de anuncios de cara á galería neste Goberno apostamos pola posta en marcha de medidas de calado que ofrezan solucións á actual situación da vivenda que afecta ao conxunto do país. E por iso incluímos na Lei de acompañamento destes orzamentos unha batería de medidas lexislativas e fiscais e unha serie de medidas excepcionais e temporais aplicables ata finais do 2028, co obxectivo de axilizar trámites para incentivar a posta no mercado de vivendas e posibilitar a promoción de nova vivenda pública, contemplando medidas específicas para favorecer a emancipación da mocidade, facilitar e promover a rehabilitación e modernización do parque residencial, tanto por parte dos concellos como do sector privado e reducimos taxas para os edificios e locais destinados a vivenda con medidas fiscais específicas.

No que atinxe ás medidas lexislativas tradúcense fundamentalmente en cambios na Lei do solo de Galicia e na Lei de vivenda de Galicia, que nos permitirá implantar os mecanismos que posibiliten a execución dos nosos obxectivos.

Na Lei de vivenda quero destacar unha das máis relevantes que anunciamos de feito hai unha semana: Establecer a cualificación indefinida e permanente do réxime

de protección tanto das vivendas de promoción pública, como das vivendas de protección autonómica que se constrúan nun solo desenvolvido por un promotor público.

Do mesmo xeito, tamén levamos a cabo modificacións sobre a Lei do solo, posibilitando a axilización dos trámites municipais a través da regulación das entidades de certificación de conformidade municipal. Outorgándolle aos concellos de máis de 50.000 habitantes as competencias para a aprobación definitiva da delimitación do solo de núcleo rural, que antes estaba residenciada na Dirección Xeral de Urbanismo; establecendo un procedemento de modificación non substancial de planeamento que axiliza as modificacións de menor entidade. Incluímos medidas que favorezan a eficacia e eficiencia enerxética das vivendas e a incorporación de espazos exteriores abertos. E tamén facilitamos a execución simultánea das obras de urbanización e de edificación.

En canto ás medidas fiscais, aprobamos dúas rebaixas: A efectos da bonificación tributaria equipárase o concepto vivenda a aquel local comercial adquirido para uso residencial. E implantamos unha bonificación do 75 % en actos xurídicos documentados para edificios destinados a alugueiro nas escrituras públicas outorgadas.

Ademais, poñemos unha serie de modificacións e de medidas excepcionais. Tramitaremos eses proxectos de actuacións para a creación de solo residencial de promoción pública da Xunta mediante eses PIA, proxectos de interese autonómico, que nos permitirán reducir á metade os prazos de emisión dos informes autonómicos e simultanear a urbanización e edificación.

Quero destacar neste sentido que temos por diante o obxectivo de desenvolver 3,3 millóns de metros cadrados de solo para vivenda. Outra das modificacións permitirá que a construción de vivenda de promoción pública teña a consideración de obra pública de interese xeral. Simplificamos e axilizamos os requisitos para a conversión de baixos en vivendas. Modificaremos o réxime especial para o remate das vivendas inacabadas, para os que poderá solicitarse licencia de rehabilitación ata final de 2028, tendo en conta que eses novos edificios o 50 % terá que ser vivenda protexida.

En definitiva, axilizamos e desburocratizamos para dotarnos en menor tempo de máis vivenda protexida.

E non quero rematar esta primeira parte da explicación dos orzamentos relativos á vivenda e urbanismo sen destacar o traballo que levan adiante a Dirección Xeral de Urbanismo e a Axencia Galega de Protección da Legalidade Urbanística, avanzando nunha ordenación territorial sostible e responsable. Preservamos para iso 14 millóns de euros, dos que máis de 10 están destinados a actuacións en concellos.

No 2025 tamén continuaremos co esforzo de dotar a Galicia dun marco normativo en materia de urbanismo. Seguiremos velando, por suposto, pola protección

da legalidade urbanística, para o que a APLU conta cun orzamento de 5,3 millóns de euros.

A planificación das infraestruturas é o segundo dos grandes piares desta consellería. Principalmente destinado á vertebración territorial da nosa Galicia, e no que prevemos partidas orzamentarias para cada un dos grandes eixos nos que xa estamos a traballar a través da Axencia Galega de Infraestruturas, que contará cun orzamento de 265 millóns de euros. Un orzamento que ten como principal obxectivo unha Galicia cada vez máis vertebrada coa planificación, construción e mellora dunha rede de estradas competencia da Comunidade autónoma, de acordo cos obxectivos da Estratexia Galega de mobilidade; que nos permitirá contar con estradas 24/7, estradas seguras, estradas verdes e estradas intelixentes.

Estradas 24/7 que están e estean a disposición da mobilidade interurbana de Galicia en todo momento, asegurando a viabilidade e o bo estado de conservación das nosas infraestruturas.

Estradas seguras a través da estratexia da actuación de treitos de concentración de accidentes e de treitos de alto potencial de mellora para o período 2024-2027.

Estradas verdes que sexan cada vez máis infraestruturas de soporte para unha mobilidade sostible a través do Plan de sendas de Galicia, ao tempo que contribúan á loita contra o cambio climático, diminuíndo a pegada do carbono e dándolle continuidade ao Plan de acción contra o ruído para mitigar as molestias do tráfico.

E estradas intelixentes coa nosa estratexia para implantar medidas en materia de dixitalización e innovación para mellorar a xestión e comunicación da nosa cidadanía.

O noso segundo obxectivo no ámbito de infraestruturas pasa por manter activa a colaboración con outras administracións para promover unha mobilidade sostible nas fachadas marítimas das cidades de Coruña, Ferrol e Vigo. E adicionalmente estamos a executar outras infraestruturas competencia da Xunta de Galicia, como aquelas orientadas aos servizos de saúde e aos servizos de educación.

Queremos unha Galicia máis vertebrada, máis segura e máis sostible. E estes obxectivos tradúcense en investimentos para seguir incrementando o número de quilómetros de vías de alta capacidade variante, aos que destinaremos case 63 millóns de euros. E para conservar e mellorar a rede de estradas autonómicas, que son as que aportan a capilaridade a esta rede de arterias, destinamos un investimento de 68 millóns de euros, incluíndo máis de 30 para a mellora de firmes e conservación extraordinaria.

Apostamos pois por unha xestión eficiente das vías de altas prestacións autonómica, e por iso estamos a levar adiante o rescate da concesión de catro das autovías

de peaxe en sombra con canon de dispoñibilidade no noso territorio. Trátase, como ben saben, das autopistas do Salnés, Barbanza, Ourense-Celanova e Santiago-Brión, que a partir do 1 de xaneiro pasarán a ser de xestión pública. Eliminamos así a peaxe en sombra que cada ano pagamos nestas autopistas todos os galegos e as galegas, e que estaban a lastrar os investimentos anuais en políticas públicas e obra civil. Aforramos máis de 330 millóns de euros en cánones e liberamos ao redor de 30 millóns de euros que cada ano asumían as finanzas públicas galegas.

Autopistas y autovías son sen dúbida un vector de competitividade, que fomentan o crecemento económico, a expansión do noso comercio e contribúen á equidade social e á cohesión territorial. Por iso mantemos o orzamento de 5,5 millóns de euros destinados a seguir mantendo as autoestradas autonómicas Coruña-Carballo e Vigo-Baiona entre as máis baratas de España.

Pero ademais durante o 2025 sumaremos máis e, sobre todo, mellores treitos da nosa rede viaria de alta capacidade, que nestes últimos quince anos incrementamos en case un 70 %.

Poremos en servizo o treito entre a Ramallosa e a Estrada 241 entre a Santiago e a Estrada, licitaremos o seguinte tramo ata o Rollo; actuación na que duplicamos o noso investimento ata chegar aos 23 millóns de euros. Multiplicamos por cinco o orzamento destinado á autovía Tui-A Garda, que investiremos 9 millóns de euros que nos permitirá avanzar nesta infraestrutura. Multiplicamos tamén por catro o investimento destinado á prolongación da autovía Costa da Morte, a que destinamos 8 millóns de euros. Avanzaremos na conversión na autovía do corredor Brión-Noia á que destinamos 4 millóns de euros; na VAC Nadela-Sarria á que destinamos 2 millóns de euros. Daremos un pulo moi importante á seguridade e mellora da estrada autonómica 651 entre Folgoso do Courel e Seoane; remataremos en breve a estrada que une San Sadurniño con Ponte Mera. Avanzaremos, por suposto, coa mellora da estrada Viveiro-Cabreiros entre outras.

Pero tamén desenvolveremos actuacións nas contornas dos centros urbanos, nos que proxectamos actuacións vertebradoras do tecido urbano.

Así contemplamos orzamentos para dar continuidade, na medida en que sexa posible, a actuacións que consideramos prioritarias como a ronda Leste de Lugo, cun orzamento de 5 millóns de euros; o treito Bemposta-N-525, a circunvalación este de Ourense, 1 millón de euros, ou o novo acceso ao CHOU dende a N-525 en Ourense entre outros.

En materia de seguridade viaria, na que somos referente a nivel nacional, seguimos a despregar a estratexia da actuación en tramos de concentración de accidentes e en treitos de alto potencial de mellora, ao que destinamos case 5 millóns de euros. Traballamos coa máxima de avanzar cara un horizonte cero vítimas de accidentes de tráfico, un reto especialmente complexo como consecuencia do incremento das

distraccións, excesos de velocidade e cuestións como eses avisos de control de alcol e drogas que dan sensación de impunidade.

Un obxectivo de seguridade viaria na que sumamos o coidado das infraestruturas, que é a principal competencia da AXI. E por iso prevemos actuar en 21 treitos de tramos de concentración de accidentes, que se estenden ao longo de preto de 34 quilómetros de estradas, e en 109 treitos de alto potencial de mellora ao longo de 480 quilómetros das nosas vías autonómicas.

Pero ademais quero destacar pola súa importancia estratéxica a construción desta sendas peonís e ciclistas recollidas na Estratexia de sendas de Galicia, ao que destinamos este ano 7 millóns de euros.

Trátase dun programa cofinanciado con fondos europeos que se estenderá ata 2027, que nos permitirá promover novas actuacións nas comarcas da primeira e da segunda fase, ademais de iniciar esta terceira fase nas comarcas do Baixo Miño, do Condado, Deza, Sarria, Terra de Lemos, Barbanza e Noia.

Ademais, por suposto, seguiremos dando continuidade á execución do treito Mollavao-Praceres en Pontevedra; impulsaremos a senda de Reza en Ourense, a senda da Estrada ou a PO-313 en Broullón, en Moaña, entre outros.

Actuacións que se complementarán co programa de estradas verdes para roza e control da vexetación nas marxes das estradas, para reducir a incursión dos animais nas calzadas e apostar por unha reforestación con arborado autóctono que contribúa á loita contra o cambio climático e diminuír os custos de mantemento, entre outras vantaxes.

As actuacións previstas en materia de infraestruturas tamén abranguen humanización nas contornas das cidades e actuacións de mellora nas fachadas marítimas das cidades de Coruña, Ferrol e Vigo.

No caso de Coruña estamos a vivir un momento estratéxico que nos permitirá levar a cabo unha transformación e unha reordenación do espazo portuario interior da cidade, no marco dese protocolo de colaboración interadministrativa asinado este ano 2024 e que, no noso caso, materializouse onte xa con esa licitación da estrutura flotante na zona do Parrote, cun orzamento superior aos 2,6 millóns de euros.

En canto ás intervencións nas zonas portuarias de Ferrol, destinamos ao convenio coa cidade 1,6 millóns de euros para promover intervencións de integración urbana e mellora da mobilidade sostible que complementarán o novo itinerario peonil e ciclista entre a cidade e a Malata, a humanización da contorna da dársena de Curuxeiras ou os aparcadoiros disuasorios, que axudarán a evitar a entrada de vehículos no casco vello da cidade.

Finalmente, na fachada marítima de Vigo, estamos a impulsar esa mobilidade peonil e ciclista nos dous treitos da fachada marítima da cidade: Laxe e o Berbés, xa en servizo, e agora no treito entre Beiramar e Bouzas.

A esas obras na cidade olívica súmanse as obras de urbanización do PS-6 da ETEA en Vigo, que executaremos dende esta Consellería, e a urbanización do sector PS-1 de viario e servizos xerais, que faremos en colaboración co Concello e coa Zona Franca de Vigo. E a prolongación do túnel de Elduayen que acometeremos a petición do Concello de Vigo.

Por último, quero destacar o traballo que leva adiante tamén a AXI na execución doutras infraestruturas de carácter sanitario, educativo ou administrativo, así como o inxente traballo de acondicionamento das paradas de autobús sitas na nosa rede autonómica de estradas, para mellorar a accesibilidade e a seguridade viaria que estamos a executar en colaboración coa Dirección Xeral de Mobilidade.

Neste sentido cómpre destacar a encomenda da construción do novo centro administrativo de San Caetano, obras xa moi avanzadas, como a ampliación do Hospital de Montecelo, a continuación nas obras dos hospitais de Ferrol, de Ourense ou de Santiago, así como o avance na segunda fase do CHUAC en Coruña. Sen esquecer os traballos que levamos adiante nos centros de saúde como o centro de saúde da Rúa ou de Vilagarcía, ou a posta en marcha, a futura posta en marcha do CEIP Milladoiro ou do CIS Olimpa Valencia en Vigo, ademais de actuacións singulares como o Centro de Excelencia e de Ciberseguridade de Galicia.

En definitiva, dende este Goberno da Xunta de Galicia e no que atinxe a esta Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, estamos a contribuír de xeito moi notable a dar resposta ás necesidades da nosa poboación en materia de vivenda e de infraestruturas, facendo cidades máis humanas e máis sostibles e cimentando a Galicia que queremos para o futuro, unha Galicia máis e mellor vertebrada, máis segura e máis sostible e con mellores servizos.

E estes orzamentos reflicten o traballo que se está a facer e as novas actuacións que temos programadas e en marcha, acompañadas dunha serie de medidas coas que buscamos axilizar as respostas que a cidadanía demanda, cimentando o futuro da Galicia que queremos; actuacións que son tamén reflexo dunha programación que atinxe a todo o territorio, ás catro provincias e con especial incidencia nas grandes cidades onde a necesidade de vivenda e infraestrutura é maior.

E tamén son bo reflexo da nosa firme convicción de facer un traballo conxunto con todas as administracións implicadas e entidades, escoitando tamén a todos os axentes implicados para construír a mellor Galicia coa que poidamos soñar.

Moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Martínez Allegue pola súa contribución a esta comisión.

Pasamos á quenda dos grupos parlamentarios.

A comezar polo Grupo Mixto, señor Ojea, cando queira.

O **señor Ojea Bouzo**: Grazas, presidenta.

Ben, como xa é a unha da tarde e xa estamos —creo— todos bastante cansados, voume permitir a licenza de contarlles un chiste, unha (non se entende). Así relaxámonos un pouco.

Era un chiste que era moi coñecido, moi famoso na época da Unión Soviética. Contábano alí os cidadáns, é un chiste soviético. Resulta que estaba un profesor dando unha clase a uns nenos pequenos e estáballe explicando as excelencias da Unión Soviética. Estáballe dicindo como é este país, como é isto, aquilo, unha marabilla. E daquela un dos nenos botouse a chorar. Pero, ¿por que choras? Porque eu quero vivir aí. E dicía o rapaz: Eu quero vivir nese sitio. Era onde vivía, pero non era como dicía a mestra ou o mestre.

Ben, pois aquí a min, cando estaba escoitando á señora conselleira, acordeime dese chiste, porque estaba contando todo tan bonito que eu estaba dicindo: Eu quero vivir aí nese país que está describindo. É que eu quero vivir aí loxicamente.

Eu penso que estamos todos de acordo que, efectivamente, queremos vivir nun país que se acollera á descrición que vostede acaba de facer, efectivamente. Pero, claro, iso é, pois iso, un brinde ao sol ou como lle queira chamar, unha declaración de intencións ou unha declaración de desexos, pero non se poden confundir, claro, os desexos coa realidade. Quero dicir, que todos coincidimos en que... Penso, polo menos nós, e penso que a maioría estariamos encantados de que puidese levar a cabo esas intencións. Pero xa sabemos que as intencións dicía aquel famoso escritor que eran as pedras do Inferno.

Vou empezar polo final, falou sobre todo de infraestruturas. Vostede sabe que eu particularizo moito no tema da provincia de Ourense, aínda que non quere dicir que no me interese o resto do país galego desde logo, pero vou aproveitar para lembrarlle efectivamente que os nomeou e que non se pospoñan sine die sempre eses proxectos do acceso ao CHUO, a prolongación da autovía de Celanova a Portugal. O CHUO é o complexo hospitalario. Ben, que lle vou dicir a vostede, señora conselleira. Pero, claro, os que nomeou, efectivamente, a ver se deixan de ser unhas intencións declaradas e realmente se chegan a facer, porque, como promesa, practicamente todos levan bastantes anos facéndose.

Outra cousa que lle levou tamén a pedir, ve que eu vou baixando un pouco máis ao chan, porque é tan idealizado o mundo que describiu que conformariámonos con que, baixando un pouco máis á terra se foran facendo algunhas cousas, polo menos na provincia de Ourense. Efectivamente, o estado das estradas é lamentable en moitos casos. Vostede sabe que mesmo a Dirección Xeral de Tráfico recomenda uns investimentos por quilómetro que deberían ter lugar e que moitas veces non se cumpren.

E tamén lle vou pedir por exemplo, que creo que é unha petición de todos os que estamos no ámbito municipal, que as estradas de titularidade autonómica que pasen polas cidades, ou sexa, que sexan na práctica rúas, que as manteñan como mínimo, como mínimo nun estado digno e nun bo estado, xa non... Ben, se se poden facer investimentos de humanización, etcétera, pero polo menos que non teñan baches, polo menos que non teñan as baldosas rotas. Porque, claro, a quen culpan despois do mal estado é aos concellos. Porque, claro, a xente sempre pensa que todo o que hai na cidade é dos concellos e, no caso das vías, dos viais que son de titularidade autonómica, que moitas veces están en moi mal estado, pois bótannos a culpa ao Consello. E non é porque teñamos algún problema en soportar as culpas e as críticas, que iso sería o de menos. O problema é que non podemos actuar nelas por non ser da nosa titularidade, salvo a veces algún compromiso e con recursos propios, que non tiña por que ser. Entón, tomen nota diso, que tamén é unha vella demanda de todos os concellos.

E no caso concreto das sendas peonís que está facendo a AXI, moitas están tendo bastantes problemas, e sábeno ben. Falaba de que poden combater o cambio climático, en moitos casos é de dubidosa verdade iso, tal e como din algúns expertos.

E ben, e moitas veces nomeouse tamén a de Reza, que, como sabe, ten en fronte un enfrontamento veciñal. Terán que facelo coa aquiescencia dos veciños e dun xeito que non cree esa clase de problemas.

Como seguiremos falando disto ao longo da lexislatura, eran unhas pinceladas e agora vou falar un pouquiño de vivenda. O tempo que temos é moi pequeno, como sabemos.

Mire, o groso do orzamento para vivenda, aquí cúmprese iso que chaman a lei do 80/20, a Lei de Pareto. O groso dos recursos sempre vai para moi poucos proxectos. Entón, o 82 % do presuposto de vivenda vaise para as obras do Plan Hurbe, vaise o 82 % só para iso. Ou sexa, que é o proxecto digamos estrela, que se leva o 82 %, polo menos desde o punto de vista orzamentario.

E vexo, facendo a comparativa territorial que levo facendo nas sucesivas comisións, para particularizar a situación da provincia de Ourense, vexo que unha vez máis a provincia de Ourense é a que leva menos: o 15,70 %; Lugo, 18,10 %; Pontevedra

25,90 %; e Coruña 40,30 %. Como sempre sistematicamente a provincia de Ourense as menores cantidades, neste caso en ámbito porcentual.

E, particularizando polo Plan Hurbe, xa deixando un pouco de lado o resto da análise das outras partidas por cuestión de tempo, pero, como digo, é que esas obras do Plan Hurbe levan o 82 % do presuposto desta cuestión de vivenda e planificación.

E non vou, de momento, dicir nada máis. Tome nota desas necesidades que lle dixen. E seguiremos analizando os orzamentos. E recordarlle que pense na provincia de Ourense, porque a verdade é que nos últimos anos e nas últimas décadas, home, para ir facer titulares e fotos e reportaxes da inauguración dunha fonte, como fixo a súa predecesora no cargo, a verdade que é un pouco sangrante.

Nada máis. Grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas. señor Ojea.

Pasamos á quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para o que ten a palabra o señor López Font.

O **señor López Font:** Grazas, presidenta.

Grazas conselleira e a todo o seu equipo, pola súa comparecencia que é especialmente relevante polo que vostedes veñen anunciando e que hoxe reafirmou aquí.

Estes orzamentos veñen enmarcados por dúas cantidades que reducen de forma substancial a marxe para o gasto en vivenda e en infraestruturas: os 258 millóns de exencións fiscais que benefician ás grandes fortunas de Galicia e os 300 millóns que se regalan ás construtoras co rescate de 4 autovías polas que os galegos non pagan hoxe nin un só euro.

Son 560 millóns que mellorarían, conselleira, estes orzamentos que vostede nos presenta, que non dan resposta ás demandas de vivenda e que segue aprazando indefinidamente a execución de infraestruturas viarias, vitais para o desenvolvemento de Galicia, que vostede recoñeceu.

O presidente Rueda manifestou que estes orzamentos son conservadores, é dicir, como vostedes. Polo que entendo que seguirán facendo o mesmo que nestes 15 últimos anos. Pois para os socialistas estes orzamentos son continuístas no aspecto negativo, fáltalle ese punto de ambición de querer cambiar o rumbo de Galicia e non dan cumprida resposta ao momento concreto que vivimos.

Pero quedaríame cunha definición por encima de todas: Son uns orzamentos cómplices. Cómplices cos que máis teñen, coas grandes fortunas polas exencións fiscais

nas que vostedes insisten. E cómplices coas consultoras polo rescate de autovías que non benefician ás galegas e galegos, que non aforran, como dicía, nin un só euro coas medidas que aquí contemplan. E cómplices tamén coas grandes empresas, sexan do sector da banca, das enerxéticas ou de calquera outro sector.

Nós entendemos que Galicia necesita aínda máis gasto social, a pesar do que presumen vostedes. E que deberían ser cómplices, si, pero dos que menos teñen, e envorcarse en gasto social directo para aqueles que máis o necesitan.

O presidente dixo que o obxectivo principal desta lexislatura sería a vivenda, confirmado por vostede. Estou convencido de que o di porque está na preocupación principal dos cidadáns, e faino desde a hipocrisía como unha pose máis da que logo non se cumprirán os obxectivos. Estou seguro de que non o fai desde o convencemento absoluto e o tempo dará e quitará razóns.

A vivenda e as infraestruturas ou a demanda permanente de vostedes da gratuidade para a AP-9, esquecéndose das autoestradas autonómicas, colócana a vostede, conselleira, no centro de atención e nunha especie de vicepresidenta. Porque se a xestión da súa consellería non é a que din pretender, o fracaso do Goberno do PP nestes catro anos será moi visible e con estes orzamentos que hoxe nos presenta será difícil que o poida conseguir.

Por tanto, esta comparecencia é especialmente importante e, como me temía, vinte minutos de moitos datos, de moitas gráficas, de moitas cifras. E para nós o importante é a política con maiúscula e os grandes obxectivos.

Por falta de tempo debo concretar e non tentar rebater cifra por cifra, que xa o faremos nas emendas correspondentes.

En materia de vivenda o obxectivo principal, din vostedes, o primeiro que teñen que conseguir é a credibilidade, porque entendo que o desenvolvemento da súa política de vivenda céntrase especialmente na partida 451B de programa de acceso á vivenda.

Coas cifras —tamén teño eu gráficas— coas cifras de execución que lle mostro comparando o Goberno bipartito cos seus últimos seis anos, comprenderá que, aínda que aumenten, son moi pouco cribles, dado que son vostedes un Goberno conservador —como recoñecen— e continuísta, pero totalmente negativo na execución dos fondos de que dispoñen. Os 77,7 % no ano 2009, e a 30 de xuño deste ano o 0 %.

Se actualizamos o IPC, os orzamentos destinados á vivenda polo Goberno de Touriño no ano 2009, vostedes destinan 72 millóns de euros menos. É evidente que este orzamento non dará resposta ás demandas de vivenda.

Ante estes orzamentos, debemos facer unha foto fixa de cal é a situación da vivenda para ano tras ano comprobar o que vostedes realizan.

Esqueceuse dalgunha cifra e a realidade é que hoxe están rexistrados 18.000 demandantes de vivenda e que os mozos galegos destinan máis do 50 % dos seus salarios ao pago de alugueiros elevados e a incompetencia do seu Goberno deixou sen bono alugueiro a moitas persoas que o necesita.

Inexecución. Este ano absoluta. Recordo ese 7,7 % no 2009. A 30 de xuño deste ano na partida do acceso á vivenda, como dicía, non se executou nin un só euro dos 85 millóns de euros dispoñibles. Por tanto, máis que fixarnos en desagregación de moitas cantidades e, dado que pretenden axilizar os trámites burocráticos, deben dicirlle aos galegos cando estará en marcha, guindastres á vista as vivendas e cando se terminarán para que sexan unha realidade.

¿Cando fala de desburocratizar co anuncio que fixo hoxe dunha sociedade pública de Galicia, refírese a un novo chiringuito para escapar do control parlamentario?

En materia de vivenda, vostede como responsable debe ser moi coidadosa coa relación institucional co Goberno de España. O PP practica día a día a confrontación co Goberno de España, e non quero referirme ao último incidente no último Pleno.

E débelle facer reflexionar o dato de que o orzamento do IGVS nútrese no 96 % das achegas do Goberno de Pedro Sánchez no ano 2023. Convén non morder a man amiga, sigan a axenda do Goberno de España realmente empeñado en abordar políticas de vivenda desde a colaboración coas comunidades autónomas.

Pero cando nós pedimos ambición e cualificamos estes orzamentos de cómplices é porque entendemos que boa parte deses aforros que vostedes regalan ás que máis teñen en Galicia e ás construtoras, deberían formar parte, a maiores, do incremento de partidas para vivenda.

E vaiamos á parte de infraestruturas tamén centrándonos no que vostedes máis priorizan e machucan a diario. Porque din vostedes que afecta ao peto dos galegos e galegas as peaxes da AP-9 e esquecen que vostedes xestionan 2 autoestradas galegas que tamén pagan peaxes a diario os galegos e as galegas. (Murmurios.)

Para vostedes a gratuidade da AP-9 é darlle a unha tecla, así de sinxelo, pero non practican o mesmo para a AG-57 e a AG-55. Gastan fondos públicos vostedes —é perfecto— para facer un estudo de canto custa o rescate da AP-9 e néganse a gastar fondos públicos para que todos os galegos saibamos canto costa o rescate desas dúas autoestradas autonómicas. Igual a cantidade que custa facelas gratuítas é de 300 millóns, e os galegos preferirían que no canto de pagar as construtoras por peaxes que no pagan hoxe, sería

mellor destinalos a liberar as peaxes desas dúas autoestradas galegas e ao día seguinte comezar a aforrar.

Capítulo especial —e non teño máis tempo— merece a atención que lle prestan nestes orzamentos ás infraestruturas viarias. Este orzamento, conselleira, é un fascículo máis dos atrasos e incumprimentos históricos que vostedes veñen desenvolvendo desde hai quince anos. O relato que fixo de determinadas actuacións é a confirmación dos retrasos que padecen as galegas e os galegos nese país idílico que dicía o representante do Grupo Mixto.

Moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Grazas, señor Font.

Pasamos agora á quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Alexandra Fernández.

A **señora Fernández Gómez**: Moi bo día.

Como cada ano asistimos a esta sesión de orzamentos como quen vén aquí a escoitar un conto chusco, que se compón de datos, de cifras que se empaquetan, ademais todas ben xuntiñas para que soe en grande. É unha historia de pura fantasía que ten un período de vixencia aproximado de dúas horas. Que vostede entra aquí e cando vostedes saia. Hai una nota de prensa contándolle aos galegos e galegas un batiburrillo de cifras fantástico e, inmediatamente despois, xa ninguén se lembra nin vén aquí a dar ningunha conta da execución nin dos resultados.

Eu creo que sería un exercicio democrático moi saudable que ao tempo que presenta as contas fixera algún balance sobre o exercicio anterior. Non sei se hoxe ten algún carteliño deses das cifras de investimento do ano pasado coa cifra ao lado da execución real. Creo que sería un bo exercicio. Ou que vostede fixera algunha reflexión, algunha xustificación de por que se incumpren sistematicamente os orzamentos que promete a súa consellería.

Porque presentar as mesmas promesas unha e outra vez como se nada pasase, coma se non estivesen moitas xa orzadas incluso en anos anteriores, demostra falla de rigor e pésima xestión por parte da Xunta de Galicia.

A mensaxe fundamental que queremos transmitir hoxe dende o Bloque é que con este historial que teñen vostedes, é absolutamente imposible tomarse en serio nada do que dixo vostede nin as cifras dos orzamentos, nin en materia de infraestruturas nin en materia de vivenda.

En canto ás infraestruturas. Comecemos polo capítulo de partidas que levan décadas repetíndose sen éxito. De que vale que vostede veña hoxe a dar cifras de investimentos se do que temos certeza é de que, en lugar de executar, o que van facer despois é recortar.

No programa 512B, de conservación, construción e explotación de estradas, por exemplo, no ano 2023 pasouse dun orzamento inicial de 260 millóns de euros a unha modificación de crédito que o deixou en 204. Alá foron 55 millóns de euros; 2022 de 254 a 197; 2021, 240 quedaron en 207; 2020, 228 millóns de euros que se converteron en 175. E no 2019 perdéronse 68 millóns de euros nesas modificacións de crédito. Nos últimos cinco anos recortaron de media un 22 % e globalmente, só neses cinco anos, aplicaron un tesoirazo de 266 millóns de euros só nese programa.

O que demostra é que son orzamentos absolutamente irreais, fantasiosos, que non se corresponden coa realidade e que demostran a súa incapacidade para xestionar e impulsar a construción de infraestruturas, incluso algunhas comprometidas dende hai décadas.

Hai actuacións como as vías de alta capacidade e circunvalación que se repiten ano tras ano, que non se executan, como circunvalación de Carballo, de Ribeira, rolda Leste de Lugo, a continuación da autovía da Costa da Morte, a vía de alta capacidade norte ou os treitos que faltan en Tui e a Garda. Incluso moitas destas estaban incluídas no Plan Move de 2010, que tiñan que estar executadas no 2017.

E ademais, por se fose pouco, vostedes queren facer agora espolio dos recursos públicos estando dispostos a pagar de máis polo rescate das autovías anunciadas. Aquí é fundamental poñer algo de contexto, e é que foron vostedes quen impulsaron esa fórmula de colaboración pública-privada, desfavorable para as contas públicas. Feijóo é especialmente responsable desa decisión, sendo naquela altura responsable da COTOP.

En 2014 decidiron incrementar os custos establecendo unha compensación extra que se concedeu ás adxudicatarias, pero, por sorte, o ano pasado o informe do Consello de Contas recomendou que se revisasen eses acordos porque existía a posibilidade de reducir as achegas públicas ás empresas.

Esta é unha grande oportunidade pagar menos, a posibilidade de pagar menos e poder destinar eses recursos a outros proxectos.

E diante desta situación, un Goberno que defendese o interese público o primeiro que faría é: Primeiro, pedir perdón por ter mantido unha fórmula que sabían que ía en contra do beneficio público. Segundo, ir una renegociación en base ao que nos está dicindo o Consello de Contas. E, terceiro, posteriormente, negociar o rescate con esa rebaixa lograda.

É como se a vostedes lles desen unha oportunidade única de lograr rebaixar o que lle resta de hipoteca e o primeiro que fan é ir ao banco a amortizala non vaia ser que lles apliquen unha rebaixa. E iso é exactamente o que están facendo tamén no caso da AP-9. Ante unha oportunidade histórica que abre Europa para rebaixar o custo ou un posible rescate, o que fan vostedes é inflar as contas. É un modus operandi de actuar sempre en favor desas empresas adxudicatarias e non para o interese público.

Pero é que ademais esa decisión do rescate de autovías aínda agrava máis o tratamento diferenciado que sofren outras autovías como a AG-55 e a AG-57 que teñen que sistematicamente pagar peaxes.

Por tanto, en materia de infraestruturas promesas resesas que sistematicamente volven ao caixón a coller po cando vostede saia por esa porta, o único que lles importa é velar polo interese de grandes empresas construtoras e concesionarias. E sosteñen un modelo territorialmente inxusto que non se basea na equidade e na cohesión territorial.

En canto á vivenda. Primeiro, estes non son uns orzamentos históricos, que vostedes están parece que botando aquí foguetes como se fose o nunca visto. Van a destinar 221 millóns de euros, en 2009 eran 210; 221 hoxe 2025; 2009, 210. Subiu menos dun 5 % en dezaseis anos. Imaxino que cando vostede acaba de meterlle unha subida á vivenda protexida dun 30 %, que se suma á do 8 % do ano pasado, porque, segundo vostede, soben os custos da construción, terá que aplicar a mesma lóxica no aumento do investimento en vivenda. Como mínimo haberá que subirlle un 30 % ao investimento en materia de vivenda ao orzamento que había no 2009. Deberiamos estar polo menos nuns 300 millóns de euros en materia de vivenda, ¿non, conselleira? Non hai unha correlación entre as subidas que lle mete á vivenda protexida e como evolucionan os orzamentos.

Por tanto, non teñen nada de históricos, son orzamentos conxelados, e ademais é que non hai quen se crea esas previsións orzamentarias do Partido Popular, porque os plans da Xunta en vivendas son como una especie de oasis no deserto. Parece que aparece un e cando te vas achegando, achegando, achegando... desaparecen. Por exemplo, promesa do 2015-2020 dicían que ían construír 900 vivendas públicas aproximadamente. Trouxeron un informe manipulado a esta Cámara que incluía vivendas en segundas adxudicacións. Ata acaban de ter que amoestarlle dende a Valedora do Pobo para que entreguen os datos certos de canta vivenda pública se fai. E vostedes nin tan sequera entregaron os datos de cantas se inician, só das terminadas. Pero o que demostran é que vostedes non alcanzaron eses obxectivos. Entón, como non van alcanzando obxectivos, van plantexando novos horizontes.

Logo veu en marzo de 2023 un anuncio de Rueda que dicía: Imos facer ata o 2026, 959 vivendas de promoción pública e 157 rehabilitadas. Claro, e o ano 2026 ía achegándose e como non van cumprir, como saben que non van cumprir, porque estamos vendo os datos do ano pasado, onde se fixeron 14, se terminaron 14 vivendas de

promoción pública. ¿Que fan? Lanzar un novo espellismo, un novo oasis. Agora xa non prometemos para o 2026, agora prometemos para 2028.

Incluso tamén con promesas dos 100 primeiros días de Goberno que nin tan sequera cumpren. Dixeron que nos 100 primeiros días de goberno ían a licitar a construción de 350 vivendas públicas. Entre o 13 de abril e o 22 de xullo na Plataforma de Contratos Públicos hai 2 contratos licitados de 50 de vivendas na Coruña e 38 en Vigo.

E ademais é que non nos podemos crer estas contas porque vemos a execución orzamentaria. Contas de 2023 últimas auditadas: 8 millóns de euros destinados á construción de vivendas de promoción pública e executaron 2,6 millóns de euros. Para a promoción de solo residencial, executáronse 1 de cada 3 euros.

Por favor, tráianos un carteliño deses, ben bonito, dos 8,6 millóns de euros que prometeron o ano pasado para a promoción de vivenda pública coa execución real, e faga unha explicación de por que vostedes conseguen executar 1 de cada 3 euros en materia de vivenda pública.

O peor de todo non é xa só unha cuestión cuantitativa das contas. Aquí o que se está disputando é que modelo de vivenda queremos a futuro a través desas reformas normativas da lei de acompañamento destes orzamentos. Vostedes meten varios torpedos, o primeiro ten que ver cunha reforma fiscal, con bonificacións fiscais para quen especula coa vivenda e quen está topando no aluguer un nicho de negocio con esa, por exemplo, bonificación fiscal para quen adquira un inmoble enteiro, non para quen adquira unha vivenda, para quen adquira un inmoble enteiro e poña todas as vivendas en aluguer. Iso non é un pequeno propietario. Témolo claro para quen vostedes están destinados esas bonificacións fiscais.

Pero é que ademais vostedes van bonificar ás entidades financeiras os actos xurídicos vinculados coas hipotecas. Agora que houbo resolucións dos tribunais nos que xa non son os que piden a hipoteca os que teñen que pagar eses impostos, senón as entidades financeiras, o que fan vostedes é bonificar ás entidades financeiras nesta reforma fiscal.

Rebaixas para converter locais comerciais en vivenda, nun contexto no que hai unha presión da vivenda turística tremenda sobre o mercado residencial. É que é incoherente a súa tese de que o que van facer é aumentar a oferta, que non queren controlar prezos, que van aumentar a oferta, pero non fan nada para limitar a proliferación de vivenda turística en toda esta norma. Non, ao revés, imos favorecer que os baixos comerciais acaben sendo vivendas de uso turístico nos centros urbanos.

E o segundo torpedo son as medidas para desregular e facilitar a transformación de solo por riba do planeamento, por riba da Lei de ordenación do territorio, por riba dos instrumentos urbanísticos dos concellos; que van pasar ademais

por riba dos concellos aos que lles dan un mes para posicionarse sobre grandes proxectos urbanos con grandes dimensións, que permiten recualificar solo con expropiacións forzosas e non lles importa se o que van determinar son actuacións coherentes co modelo urbano que ten ese Concello, que aquí o único importante é que a Xunta teña capacidade lexislativa para nun mes impor o seu modelo.

E os únicos avances que hai, iso si —hai que dicilo— é cando escoitan propostas nosas. Hai un pequeno avance en materia de vivenda protexida na cualificación, pequeniño porque vostedes se quedan a medio camiño. Nós dicimos cualificación permanente da vivenda protexida. Iso si, vostedes confunden cos titulares que hai máis dun titular na prensa que di...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir rematando, señora Fernández.

A **señora Fernández Gómez**: ...cualificación permanente, pero só sabe que van ser para parte das vivendas protexidas.

Mal copiado tamén a posibilidade de facer equipamentos dotacionais para mozos de menos de 36 anos.

—E acabo xa—.

En conclusión, aquí hai unhas transformacións de marcos normativos, que esas si que se van aplicar si ou si, e logo os orzamentos que va a acabar sendo pura fantasía, que non se cumpren ano tras ano, un auténtico baile de cifras.

E nós o que queremos preguntarlle é algo fundamental, ¿e se vostede é capaz hoxe aquí de comprometerse a vir aquí nos seguintes orzamentos, de verdade, co carteliño ese que vostede acaba de mostrar e explicarnos a execución real? Se vostede está disposta a asumir...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Conclúa, por favor, señora Fernández.

A **señora Fernández Gómez**: ...—acabo agora— un compromiso persoal con que os orzamentos que plantea hoxe vostede aquí vanse executar nun 100 %. Digamos, por favor.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Grazas, señora Fernández.

Pasamos agora á quenda do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, para o que ten a palabra a señora Deza. Cando queira.

A **señora Deza Martínez:** Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Benvida a esta Comisión 3ª, señora conselleira, para dar conta polo miúdo dos orzamentos deseñados pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, unha carteira, como recalcaba, de nova creación. E, por suposto, tamén darlle a benvida e agradecer a presenza a todo o seu equipo.

Uns orzamentos cos que o Goberno galego demostra que lle outorga a importancia que merece a todo o relativo á vivenda, ás infraestruturas e á ordenación do territorio; tres ámbitos estratéxicos para Galicia que garanten unha sociedade máis igualitaria e máis cohesionada.

E mentres aquí en Galicia o Goberno galego fai os deberes e cumpre obxectivos con normalidade, vemos como España está cada vez máis bloqueada, independentemente do que di o señor Font. Uns orzamentos prorrogados e cun expresidente negociando en Suíza por orde de Sánchez co señor Puigdemont para, segundo din, acercar posturas de cara á aprobación dos orzamentos xerais.

A credibilidade do Estado, señor Font, pende máis que nunca dun fío, cun Goberno inmerso en escándalo tras escándalo. O número 1 non pode fuxir da realidade e a realidade é que ten imputados ao seu home de confianza, á súa esposa, ao seu irmán e ao fiscal xeral do Estado.

E compartindo a reflexión que onte pola mañá facía un locutor de radio: Todos eles son inocentes e asístelles ese dereito á presunción de inocencia, pero a Sánchez non, porque a el obríganlle as palabras e as condutas, a el obrígalle o discurso contra a corrupción co que xustificou a moción de censura que lle levou ao poder. Foi Sánchez quen dixo que o descrédito político e institucional exixe a asunción de responsabilidades. Foi Sánchez quen chamou indecente a Rajoy, que non tiña nin un só escándalo que lle afectase a el ou a súa familia. Foi Sánchez quen dixo que só a declaración do presidente como testemuña nun caso xudicial xustificaría a súa dimisión. Claro, foi Sánchez o que estableceu o baremo que agora non quere aplicarse a si mesmo.

E os que defenden todo isto critícana a vostede, señora conselleira, por cumprir coa responsabilidade e por cumprir co seu traballo, e por marcar uns obxectivos cuns orzamentos ambiciosos; si, pero realistas que procuran mellorar a vida da sociedade galega.

Vostede presentou hoxe aquí uns orzamentos que ascenden a 513,8 millóns de euros, que servirán para acadar, como acaba de explicar, 3 obxectivos fundamentais. Primeiro, reforzar a vivenda protexida. Segundo, impulsar e axilizar a tramitación dos procedementos administrativos. E, terceiro, continuar medrando e mantendo as boas condicións das infraestruturas de comunicación.

A vivenda, a rexeneración urbana e a planificación do territorio constitúen pois os obxectivos fundamentais da acción política da consellería que dirixe. Coa vivenda, como ben indicaba, conselleira, no centro das políticas do executivo galego, non con palabras, senón feitos, xa que vén de triplicar para o vindeiro exercicio neste ámbito 100 millóns para construír novas vivendas públicas; 20 millóns para a xestión de novo solo residencial e preto de 7 millóns para o programa Rexurbe.

E os membros da oposición sempre coa mesma mensaxe gris, sempre dicindo que os compromisos da Xunta son un brinde ao sol.

Di unha muller á que aprecio moito que o que é medible non é opinable, e o que non é opinable é que xa están adxudicadas 90 vivendas na Coruña, 54 en Ferrol, 60 en Santiago, 74 en Pontevedra, 163 en Vigo ou 146 en Lugo.

E o que non é opinable é que xa están licitadas 240 vivendas tamén en Ferrol, 20 en Mos, 64 en Ourense, 196 en Vigo e 104 en Pontevedra.

E o que non é opinable é que a través do Programa Rexurbe xa están en execución e rehabilitación 2 vivendas en Betanzos e 5 en Ferrol. Porque onde hai papeis, como dicía o outro día un compañeiro seu do BNG, calan barbas.

Pero é que ademais, tal e como acaba de deixar claro a conselleira na súa exposición, a Xunta seguirá nutrindo as axudas destinadas á mobilización de vivendas baleiras, a fomentar a construción de vivendas destinadas ao alugueiro accesible, á adquisición de vivendas protexidas en casco históricos ou en concellos de reto demográfico a través de axudas directas; a adquisición da primeira vivenda co aval mozo destinado para menores de 36 anos, a sufragar o alugueiro a través de axudas directas, e á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal que pasan a vivenda pública.

E porá especial atención, como acaba de indicar, na mocidade, ademais de co resto de medidas dirixidas a este colectivo, coa posta en marcha dunha nova modalidade de aloxamento: as vivendas colaborativas para menores de 36 anos, un estilo cohousing xa estendido noutras franxas de idades. Aínda que xa sabemos, señora Fernández, que isto foi idea do BNG, que a Xunta non entendeu nada e que o modelo que propón non é absolutamente válido.

E incentivarase tamén a posta no mercado das vivendas en réxime de alugueiro. E iso é algo que contrasta coa política do Goberno central e que debo facer aquí unha especial mención á Lei polo dereito á vivenda, que máis ben parece unha lei antivivenda que invade as competencias das comunidades autónomas.

A introdución de medidas de control de alugueiros en áreas consideradas tensionadas polas administracións, a imposición de límites xerais á actualización anual

dos alugueiros por baixo do IPC e de prórrogas forzosas tras a expiración dos contratos, así como a aprobación de certas disposicións que dificultan a recuperación dos inmobles polos seus propietarios en casos de falta de pagamento ou ocupación, acentúan a falta de alugueiro, xa que ocasionan o desprazamento da oferta a outras modalidades de arrendamento. E isto provoca o incremento das mensualidades aos fogares con menos ingresos.

O que vén a deixar claro que o verdadeiro problema no mercado do alugueiro está na oferta e é que coas medidas do Goberno central penalizouse aos que poden facer aumentar a dispoñibilidade das vivendas, que son os arrendadores.

O importante mire, señor Font, é que exista un marco xurídico que achegue estabilidade e seguridade, e iso é algo que lamentablemente a Lei de vivenda estatal non aporta. E despois dos anuncios da ministra de Vivenda e despois dos rifirrafe do mércores no Congreso entre esta e os seus socios de Goberno, podemos pensar que non vai cambiar para mellor, senón todo ao contrario.

O que é claro é que en España hai arredor de 4 millóns de vivendas, e destas menos do 5 % están en alugueiro. ¿Por que pregúntolle? Porque a lei demoniza ao propietario, desprestixia a propiedade privada e é permisiva coa ocupación ilegal.

Non obstante, o señor Sánchez congratúlase pola súa política de vivenda. Anunciaba en abril do ano pasado un plan de mobilizar 50.000 vivendas da Sareb para alugar a prezos accesibles. Anuncio que, co paso do tempo, veuse que era fume.

O certo é que a Sareb, segundos datos achegados pola propia entidade, vende ao ano unhas 10.000 vivendas a persoas físicas. Todos os meses transcenden as vivendas que están alleando. Sen ir máis lonxe a pasada semana transcendía que a entidade ten máis de 30 pisos en venda nun inmoble da súa propiedade na rúa Aragón, en Vigo. Esta promoción con prezos que roldan os 2.800 euros por metro cadrado incorporará proximamente 100 pisos que están en construción e que poderían formar parte do parque público de vivenda; sen embargo, as políticas da entidade significarán que estes pisos acaben no mercado libre como ocorre con outros inmobles.

É necesario que o Goberno de España explore vías para garantir que esas vivendas da Sareb sexan utilizadas para fortalecer o parque público de vivenda en Galicia, en lugar de destinalas ao mercado privado.

Miren, no pasado pleno de 11 de xuño este grupo parlamentario elevaba ao debate desta Cámara novamente unha iniciativa para requirir a participación de Galicia na mobilización desa supostas 50.000 vivendas. E así solicitabamos a inclusión da nosa comunidade no programa Viena e a cesión gratuíta á Xunta de Galicia das vivendas propiedade da Sareb situadas no noso territorio. Porque, a pesar dos acordos adoptados nesta Cámara e das múltiples peticións ao executivo central, este segue facendo caso

omiso; negándolle a Galicia o acceso a un parque de vivendas das que deberían ser beneficiarios os galegos e as galegas, e negándolle incluso información sobre as características desas vivendas e o seu potencial uso para transformalas en vivendas sociais. Na contra o que fai é vendelas.

Nos recentes estudos do Banco de España conclúese que a natureza do problema da vivenda recomenda, entre outras, impulsar a oferta de alugueiro social, fomentar a colaboración público-privada para a promoción do alugueiro, reforzar a seguridade xurídica e a certeza da regulatoria, mellorar a xestión dos procesos administrativos relacionadas coas políticas de solo e urbanismo e impulsar a rehabilitación e cesión de vivendas. Medidas que son compartidas pola política que está a levar a cabo a Xunta de Galicia e plasmadas nas 3 grandes liñas das que falou hoxe aquí a conselleira: a construción de nova vivenda, a rehabilitación da xa existente e as axudas orientadas tanto á construción, como á venda como ao alugueiro. Que permitirá facilitar o acceso á vivenda alí onde se precise.

E non se pode falar de política de vivenda sen falar previamente de ordenación do territorio. E, para facer unha boa ordenación é preciso colaborar cos concellos na redacción dos seus instrumentos de planeamento, como indicou a conselleira, a través da redución da burocratización que permita a axilización da tramitación dos plans xerais.

Colaboración que se traduce tamén en axudas directas para as redaccións dos plans xerais ou coa aprobación do plan básico autonómico, aplicable nos concellos que carecen de plan xeral. E tamén na tramitación por parte da Administración autonómica dos plans básicos autonómicos en concellos de menos de 5.000 habitantes, que non tiveron capacidade ata o de agora para dotarse dun instrumento de planeamento xeral.

E tan importante é a tramitación dos instrumentos de ordenación como os de xestión, que están permitindo aos concellos adquirir bolsas de solo para a execución de vivenda pública, ben de forma directa ou ben a través da posta a disposición da Xunta; o que, sen dúbida, permitirá mellorar a oferta da vivenda.

Así como tamén é importante a medida que acaba de dicir a conselleira adoptada para cambiar de uso os terreos reservados para equipamentos ou dotacións públicas para vivenda protexida de promoción pública, cunha cualificación permanente sen necesidade de tramitar unha modificación do planeamento.

E se de ordenación se trata, esta tampouco pode ser entendida sen unha boa planificación das infraestruturas. Porque para unha Galicia mellor conectada requírese vertebración territorial, mellorar a seguridade viaria construíndo vías de alta capacidade e libres de peaxe; e tamén, por suposto, apostando pola vertebración do rural e pola conservación e mantemento da rede de estradas autonómicas.

E neste gran obxectivo enmárcanse os investimentos destinados pola Xunta para seguir a vertebrar o noso territorio coa incorporación progresiva de novos quilómetros nas vías de altas prestacións, ao que a Xunta destinará case 63 millóns de euros.

E con investimentos tamén para o mantemento da rede actual de estradas, para as que destinará 68 millóns de euros, incluíndo máis de 30 millóns para mellorar firmes e conservación...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que rematar, pro favor.

A **señora Deza Martínez**: ...—si, vou rematando, señora presidenta— e conservación extraordinaria de estruturas.

Autovía da Costa da Morte, autovía da Estrada ou a vía de alta capacidade en Tui, así como a execución das variantes de estradas autonómicas, expresan a vontade do Goberno galego de seguir vertebrado o noso territorio.

E para acadar esa Galicia máis conectada e sostible débese tamén fomentar esa mobilidade verde, reducir emisións á atmosfera e por iso a Xunta aposta co Plan de sendas verdes, ao que destinará algo máis de 7 millóns de euros.

En definitiva, unha Galicia máis amable na que se escolla vivir.

Máis nada. Moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Deza.

Pasamos agora á nova quenda tamén de 10 minutos da señora conselleira para tentar dar resposta aos grupos.

Cando queira, señora Martínez.

A señora **Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue):** Grazas, presidenta.

Xa tiven ocasión de expresar na miña primeira comparecencia no Parlamento que somos conscientes do problema de acceso á vivenda. É un problema estrutural que afecta a nivel nacional, debido, en parte incrementado pola inflación, pero tamén estamos convencidos polas políticas nacionais de dubidoso éxito como esa Lei estatal de vivenda.

En todo caso, identificamos que o acceso á vivenda é unha das principais preocupacións, e a conformación destes orzamentos e a conformación deste Goberno é unha boa mostra diso.

Estamos a falar de estratexias que xa teñen resultados, como son por exemplo as 600 vivendas públicas que xa temos aprobadas e en marcha en Vigo, no polígono de Navia, que serán 1.600 ao longo desta lexislatura, e que, tan pronto teñamos a licenza do Concello, empezarán as grúas a construír, toda vez que xa temos 5 bloques de residenciais colectivo adxudicada a súa execución de obra.

Tamén 360 vivendas de promoción pública no polígono de Bertón, en Ferrol; 178 licitadas en Valdecorvos, 74 xa executadas en Pontevedra, 104 pendentes da adxudicación do proxecto de obra. E tamén faremos máis vivenda pública pola cesión que está a facer o Concello de Pontevedra.

Tamén 146 vivendas públicas en Garabolos, en Lugo, 104 que xa temos en marcha en Xuxán, ás que hai que engadir esas 256 que comentaba, que están a facer as cooperativas en solo cedido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo; 64 novas vivendas de promoción pública en Cambeo da Raia, en Ourense —pena que non estea o portavoz do Grupo Mixto—; e 60 vivendas en Santiago todas elas xa en curso de execución.

Señorías, feitos e non palabras. Obviamente é un reto difícil, un reto para o que temos que asumir responsabilidade e compromiso. E, nese sentido, estamos a facelo tamén coa mocidade, con esa medida que anunciabamos, esa modificación para eses aloxamentos temporais para a mocidade, para ese paso intermedio que permite e facilita esa emancipación deses menores de 36 anos.

Medidas que estamos a adoptar para incrementar o parque público de vivenda, construíndo esa nova vivenda pública que comentaba que quedará permanentemente protexida e non grazas á señora Fernández, senón grazas ao Partido Popular. E quérolle recordar nese sentido que co Goberno do bipartito e a súa Lei de vivenda descualificáronse 150 grupos de vivendas e ao redor de 10.000 vivendas que eran protexidas, quedaron libres no Goberno do bipartito. Non é quen de vir dar lecciónns a ninguén.

Tamén habilitaremos máis solo residencial destinado non solo a vivenda pública e vivenda protexida, senón a vivenda libre. Reactivaremos a construción de vivenda protexida destinada á venda e ao alugueiro. E tamén esa rehabilitación de inmobles do programa Rexurbe que comentaba a portavoz do Partido Popular.

Estamos a falar de que temos incrementado os fondos propios da Xunta de Galicia e que temos implementado tamén e cumprimentado todos os fondos europeos recibidos. De feito, na convocatoria vixente nestes momentos xa temos executado o 100 % fondos que foron asignados ao plan de recuperación. E levamos meses reclamando do Estado que se faga ese reaxuste que nos permite incrementar esas partidas á vivenda.

De feito, onte mesmo celebramos a Conferencia sectorial de Vivenda, á que, por certo, non asistiu a ministra e volvemos reiterarlle a necesidade de axilizar esa transferencia de fondos anunciados do bono alugueiro á mocidade. Porque mentres o Ministerio anuncia na súa páxina web a apertura do prazo para solicitar o bono, a realidade é que nin sequera fixo a transferencia ás comunidades autónomas, que é o que nos permite ás comunidades autónomas convocar ese bono alugueiro á mocidade.

A ministra segue sen escoitar o que as comunidades autónomas lle estamos a dicir. Pero este Goberno si que escoita. Escoita e activa, que permitiron, efectivamente, señora Fernández, actualizar os prezos da construción de vivenda protexida axustados á realidade, como están a facer todas as comunidades autónomas, para garantir a viabilidade desas promocións de vivenda protexida, actualizando e axilizando eses procedementos urbanísticos sempre con eficacia e eficiencia e seguridade xurídica; facilitando ese cambio de usos de locais a vivendas, uso residencial —recórdolle señora Fernández—, que as VUT son competencia de regulación dos concellos no seu planeamento a través dos usos; rebaixando impostos a pesar de que non guste a todos, e facilitando o remate dos esqueletos.

Medidas que impulsamos —reitero— dende a cooperación pública e coa máxima seguridade xurídica. Neste sentido, e quéroo destacar porque é unha realidade, o constante diálogo estamos a ter cos concellos, dos que estamos tendo unha excelente resposta. Conscientes de que está tamén nas súas mans, nas mans da municipalidade, paliar estes problemas que ten na vivenda.

Estamos facendo a través deses PIA que nacen da necesidade de axilizar os trámites para ter ese solo urbanizado, que é preciso urbanizar o solo para a construción ou permitir a construción desa vivenda protexida desa vivenda pública e desa vivenda libre, e sempre co consenso dos concellos. Xa temos contactado coas sete grandes cidades, con eses sete grandes concellos e xa estamos determinando os urbanizables que desenvolveremos a través deses PIA, coa conformidade de todos os concellos.

Señorías, o que non pode ser é estar en misa e repicando, e queixarse de que non facemos ou de que non somos rápidos e á vez queixarse de que facilitamos medidas e poñemos sobre a mesa ferramentas para axilizar estes trámites.

Son medidas temporais, como como a consideración das construcións de vivendas de promoción pública como obras de interese xeral. Solucións para o que é imprescindible a colaboración e, nese sentido a solicito, activa de todas as administracións. Pasa por buscar sistemas de xestión que, sen minorar as garantías fixadas no planeamento, axilicen os tempos de execución.

Señorías, pídolles encarecidamente que revisen polo miúdo esa Lei de medidas que critican e que presentamos, porque non pretende para nada barrer a intervención municipal, senón buscar formas de coordinación que axilicen os

procedementos, ademais de ofrecer ferramentas aos propios concellos para impulsar vivenda.

Nada atoparán sobre obra nova á marxe do planeamento urbanístico, nada diso di o proxecto de lei. É máis, indicamos claramente que deberá constar o cumprimento da normativa urbanística de aplicación. Pero temos que pisar o acelerador tamén nos concellos, por iso falamos de medidas de colaboración público-privada, de orzamentos adecuados ás necesidades que existen en cada momento, de orzamentos reais e non de fume.

Cando fala de fume, dicía o señor Besteiro hai escasamente dous días, o martes —creo— ou o mércores, que o Goberno no 2009 do bipartito investirá máis que este Goberno actualmente. A realidade é que en investimentos reais o Instituto Galego de Vivenda e Solo no ano 2009 tiña unha dotación inicial de 103 millóns de euros, dos que destinou 46 millóns de euros á construción de vivenda pública. A realidade tamén é que gran parte destes orzamentos foron para solo industrial, que acadaron deixando unha débeda de 280 millóns de euros en Xestur Galicia.

Pola contra, este Goberno triplica o orzamento destinado á vivenda con respecto ao ano pasado. Superamos nun 118 % o orzamento que no ano 2009 o bipartito destinou á construción de vivenda.

Falan vostedes de orzamentos cómplices e de que son máis do mesmo, pero son orzamentos rigorosos, con partidas orzamentarias coherentes co grao de execución das infraestruturas que estamos a desenvolver, moitas delas, efectivamente, con grandes eixos de conexión que estamos a executar maioritariamente —repito— con fondos propios e sen hipotecar, orzamentos de futuro. As hipotecas que si temos son as herdadas do Goberno Bipartito, que estivemos a pagar ao longo de moitos anos en materia de vivenda e que aínda estamos a pagar en materia de infraestruturas.

E por iso imos seguir avanzando na política de continuar executando as novas vías de alta capacidade para a nosa comunidade autónoma, libres de peaxe e pola vía orzamentaria. E por iso estamos a facer máis quilómetros de novas autovías e desdobrar os corredores. E por iso estamos a facer o rescate destas catro autovías. Reclamamos a transferencia, non a gratuidade, señor Font, nós reclamamos a transferencia, a gratuidade a pedimos polo compromiso acadado polo PSdeG e polo Bloque Nacionalista Galego a transferencia da AP-9 e tamén bonificacións da AP-53.

Mantemos os 5,5 millóns de euros para as bonificacións das nosas estradas autonómicas, Coruña-Carballo e Vigo-Baiona, consolidando así a conxelación de tarifas das que se benefician os galegos e as galegas dende hai dous anos, que tan só aplicamos a suba do IPC deste ano.

Porque este Goberno cumpre, señorías, ademais este Goberno tamén planifica e por iso destinamos 70 millóns de euros á conservación das nosas estradas.

Xa nos gustaría que o Goberno central tomara conta disto e destinase partidas anuais suficientes para o mantemento das estradas estatais que discorren pola nosa comunidade autónoma. E xa non entro nos atrasos das grandes infraestruturas que comunican a Galicia coa Meseta.

Señor Font, falaba de cantidades inxentes que entraban dos fondos estatais. Pois mire, no ano 2023 o financiamento dos fondos estatais foi do 12,26 %, e este ano, no ano 2024 os fondos do Estado supoñen un 9,5 %. Non sei de onde saca estas cifras.

Estes orzamentos que presentamos permitirannos investir 191 euros por habitante, dos que 40 de cada 100 euros estarán destinados a políticas de vivenda.

Moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Martínez Allegue.

Pasamos á quenda dos grupos parlamentarios de réplica.

En primeiro lugar, tocaríalle ao Grupo Mixto, pero entendo que foi a outra comisión, xa que hoxe coliden varias cuestións de axenda. Entón, ten a palabra o señor Font, por parte dos socialistas de Galicia.

O **señor López Font**: Grazas, presidenta.

Señora Deza, vimos escoitar á conselleira e a posicionarnos sobre os presupostos. Adicou máis tempo a mencionarme a min e a contestarme, que a falar do que realmente vimos aquí.

E mire, os rifirrafes entre formacións políticas diferentes soen ser habituais. O non habitual é o rifirrafe vergonzoso do último pleno entre o presidente deste Parlamento e a viceportavoz do PP, que xa veremos as consecuencias que ten.

Polo tanto, creo que é un feo que lle fai á conselleira o dirixirse máis a min, que ao que realmente nos trae aquí.

Ben, conselleira, quero facerlle dúas preguntas. Dado que se aboan 300 millóns ás construtoras sen que supoña ningún beneficio aos usuarios, ¿podería dicirme canto se recada polas peaxes da AG-55 e a AG-57, para saber canto deixarían de pagar pola utilización desas autoestradas no caso de ser gratuítas?

Outra pregunta: ¿Por que se negan vostedes a realizar un estudo para coñecer canto custaría a gratuidade, vía rescate, destas 2 autoestradas de xestión autonómica? Sería bo coñecer estes datos, dado que vostedes os teñen absolutamente todos.

Ben, falando de compromisos —antes non tiven tempo— falando de compromisos en vías de alta prestacións e de capacidade, repasemos algúns exemplos que figuran nestes orzamentos, un por provincia.

Pontevedra, para a vía de alta prestación de Tui-A Garda, dun total que vostedes estiman de 71 millóns necesarios para concluír a actuación, pregúntolle: ¿Parécelle xusto destinar solo 9 millóns e deixar a actuación nun grao de execución do 10 %? Cando leva anos de atrasos e promesas; iso si, cada vez que chegan os períodos electorais. ¿Que lle dicimos aos que necesitan desa actuación? Cando estima vostede que estará finalizada, dado que figura en todas as fichas, ano 2028 e seguintes, din vostedes?.

Coruña. Para a vía de alta capacidade da Costa da Morte destínanse 4,7 millóns, cando son necesarios 35 millóns. A mesma pregunta por falta de tempo.

Lugo. Para a conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria, solo 2 millóns de 36 necesarios. Mesma pregunta e reflexión.

Ourense. Circunvalación Leste de Ourense, só 1 millón de 10 necesarios. Nin que dicir ten, a mesma pregunta.

Púxenlle un exemplo por provincia, podería poñer máis, practicamente todos os que figuran nestes orzamentos, aínda que non me resisto a engadir a variante de Carballo de 22 millóns e medio cando só figura este ano ese medio millón de euros.

Mire, se tivese tempo a darlle as porcentaxes de execución, resultaría absolutamente escandalosa a situación. Pero dareille a suma de todos os exemplos anteriores. Estes orzamentos contemplan 17 millóns de euros dos 174 millóns necesarios sinalados por vostedes, para seguir alongando compromisos históricos de demandas de vías imprescindibles. E vén vostede aquí a contarnos unha a unha as actuacións en cada unha destas vías.

Miren, son infraestruturas que acumulan anos de atraso e vostedes regalando 300 millóns de euros ás construtoras para que non teñan ningunha incidencia nos territorios.

Volvendo á vivenda. Ben, é bo que se faga mención ao número de vivendas a construír en Vigo, resulta cando menos, non diría insultante porque non quero utilizar termos gordos, pero resulta certamente sorprendente. Navia é o mellor exemplo do fracaso da política de vivenda do Goberno de Núñez Feijóo e de Alfonso Rueda. Non se fixo ni unha sola vivenda en Vigo en Navia dende o ano 2009.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir rematando, señor Font.

O **señor López Font**: —Si, vou rematar—.

Como queira que desde o 2009 quedarían sen executar nos programas de acceso á vivenda un total de 270 millóns de euros.

Quería preguntarlle cantas vivendas estima, conselleira, que se poderían construír de cumprir cunha execución polo menos razoable.

Quero facerlle unha cuestión concreta en relación co ministerio. En concreto quería preguntarlle ¿por que non cofinancian vostedes...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Conclúa, por favor, señor Font.

O **señor López Font**: —Conclúo—.

¿Por que non cofinancian vostedes neste orzamento o Bono joven alquiler do Goberno de España, como fai o Goberno de Valencia? Porque vostedes gobernan en Valencia, ¿verdade?

Grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas.

Pasamos á quenda do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández.

A **señora Fernández Gómez**: Ben, é certo que estes orzamentos onde está o debate gordo é no que dicía antes, na Lei de acompañamento que é onde vostedes meten todo ese marco normativo que nunca vai en favor de mellorar o acceso á vivenda.

Por exemplo, cando vostedes entran na cuestión dos prezos da vivenda protexida, nós estamos dicíndolle vostedes meten uns incrementos do 30 % inxustificados. Isto hai que baremalo, hai que ter unha serie de criterios. E o que fan aquí nesta norma, por exemplo, é incluír cuestións tan volátiles como valorar a situación do mercado inmobiliario para meter subas de prezo na vivenda protexida. É que o que están abrindo é aínda máis a que sigan subindo os prezos e que todo isto se decida por unha decisión da conselleira que vemos que está traballando claramente en favor de quen especula coa vivenda, ¿non?

E poderiamos falar moitas máis cuestións. De todas esas medidas vostede mencionou a axilización dos proxectos de interese autonómico como algo que crea seguridade xurídica.

Ben, seguridade xurídica, vostedes crean unha Lei de ordenación do territorio nai nada; hai dous telediarios que prevía o instrumento dos proxectos de interese autonómico de tipo non previsto. ¿Por que non se acollen a ese instrumento? ¿Por que vostedes crean unha figura nova? Porque nese proxecto de interese autonómico xa previsto se dicía que tiña que haber unha adecuación mínima ás directrices de ordenación do territorio, unha xustificación de medios económicos, de aspectos ambientais; catro cousas que vostedes xa fixeron un instrumento que apenas teñen que xustificar nada. Pero agora crean outro novo, un específico para solo residencial; onde non queda claro se vostedes xa non teñen que cumprir nada disto, se o único que hai que facer é xustificar que hai unha forte demanda social e que son propostas que transcenden o ámbito municipal. E con isto pasamos por riba de todos os instrumentos. E si que pasan, pasan por riba dos concellos.

Os concellos... Ben, podemos entrar no aproveitamento urbanístico, na reforma que meten onde lle calcan aí aos concellos parte do aproveitamento urbanístico. Pasan por riba dos concellos cando reducen prazos onde só teñen un mes para posicionarse sobre eses instrumentos. Pasan por riba cando os proxectos de urbanización non van estar suxeitos a licenza urbanística. ¿Como que non pasan por enriba? Vostedes están creando un instrumento exprés que aínda empeora unha Lei de ordenación do territorio que era para favorecer determinados intereses.

En definitiva, hai moitas outras cuestións, pero quería facerlle unha pregunta coa cuestión da ordenación do territorio, porque é algo quedou un pouco fóra do debate, porque claro, ¿quen se encarga da ordenación do territorio neste novo Goberno? Ninguén o sabe. Vostedes cargáronse a ordenación do territorio, dividírona, fragmentárona en tres consellerías diferentes. Por primeira vez na historia deste país non hai unha consellería coas competencias en ordenación do Territorio, non ten rango de consellería, non ten rango nin tan sequera a Dirección Xeral, non hai nada. É que ademais esparexeron por todos lados. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ten competencias de planificación territorial do litoral e da promoción da paisaxe; a súa consellería as restantes competencias en ordenación do territorio; pero, pero o Instituto de Estudos do Territorio mandárono para o de Medio Ambiente á Comisión de Seguimento das DOT... Vostede encárgase das DOT, pero a comisión de seguimento está na de Medio Ambiente. O sistema de información xeográfica e cartografía e axenda urbana na de Medio Ambiente. Por se fose pouco, mandaron ao Xestur para a Consellería de Economía e Industria. Entón é un absoluto disparate.

Se imos aos orzamentos de Xestur, ¿onde están? Na Consellería de Economía. Se entramos na páxina web da Consellería de Economía e Industria aparece Xestur, pero, se imos ás informacións que está lanzando o Consello da Xunta: Consellería de Vivenda licitación polo Xestur relativo á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. ¿Quen está levando o Xestur neste novo Goberno? De verdade, preguntámonos seriamente, xa non só dende o BNG, senón que nos están chegando moitísimas queixas

de actores que necesitan relacionarse co propio Xestur neste momento e que din que hai un auténtico caos, que non se sabe quen leva as responsabilidades do Xestur. E non é normal que vostede lance unha estratexia de vivenda protexida de 20.000 vivendas protexidas e nin tan sequera teña as competencias do Xestur. É que é o mesmo despropósito, é un despropósito. Que van facer vostedes, se vostede ten algunha competencia, senón se nos pode explicar, porque ademais Rueda traía para ese debate de seu do Estado da Nación unha proposta supostamente sobre a reforma do Xestur, pero ao final non a presentou, quedou en nada. Entón non sabemos se é que no se atreven, se é que están intentando arranxar este caos ou que pasa.

En todo caso, acabo xa. Estes son uns orzamentos de ciencia ficción en termos cuantitativos, e nós o que creemos é que hai que darlle a isto un sentido de ciencia real, non de ciencia ficción.

Entón imos coller os datos de execución do ano pasado. Se vostedes en vivenda executaron un 59 %, significa que este ano como moito podemos esperar que executen 123 millóns de euros. Iso é, como moito, o que nós podemos esperar.

En materia de infraestruturas máis do mesmo. Executaron en obras en materia de estradas un 54 % e partidas de obra nova por concesión...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Vaia concluíndo, señora Fernández.

A **señora Fernández Gómez**: ....

Por tanto, señora conselleira, explíquenos por que este ano si a temos que creer, explíquenolo. E ten dúas opcións: Primeiro, darnos argumentos de por que este ano si, por que este ano son cribles e non verse como os quince anos anteriores; algo que nos convenza, por favor. Ou senón darnos un aval. ¿Comprométese vostede publicamente nesta Cámara con eses orzamentos? ¿Pon a súa palabra, o seu compromiso persoal dunha execución do 100 % nestes orzamentos que presenta?

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Grazas, señora Fernández.

Pasamos agora á quenda do grupo Parlamentario dos Populares de Galicia.

Señora Deza, por un tempo de cinco minutos.

A **señora Deza Martínez**: Grazas, presidenta.

Mire, señora Fernández, ¿como non van ter que cumprir os proxectos a normativa? E que é algo obvio que todos os proxectos terán que cumprir a normativa.

Vostede redunda constantemente no mesmo, o outro día xa o dixo no Pleno, hoxe volve dicilo aquí, pero que é unha total obviedade o que está dicindo.

Despois crítica constantemente, constantemente en todas as comisións están criticando a estrutura da Xunta. Miren, vostedes gobernaron co bipartito, tiñan a súa estrutura. Cando volvan ao gobernar xa terán a súa nova estrutura. Porque vostedes como teñen ese Goberno á sombra, cando volvan gobernar xa terán a súa estrutura novamente.

É que teñen un problema coas políticas transversais e cohesionadas, non entendemos por que. Pero teñen un problema real con esas políticas transversais.

Mire, señor Font, eu non falo de vostede, falo da súa formación. Porque, mire, é que as políticas do Goberno do Estado, que é a súa formación, o presidente Sánchez segue sendo da súa formación, ¿creo non? E o problema que teñen é que realmente son moi malas para Galicia e o que fixen foi un exemplo de todas as políticas que está aplicando o Goberno de España e que deixan en mal lugar sempre a Galicia.

E, mire, respecto ás infraestruturas, home, está vostede en posición de dar lecciónns. Mire, o estado de conservación e mantemento das estradas de competencia estatal é claramente desastrosa, con problemas en distintos puntos da rede da A-6, da A-52, da Autovía Rías Baixas. Vostedes o que teñen que facer é aprender da Xunta, como dixo aquí a conselleira, que van actuar en 21 treitos de concentración de accidentes e en 109 treitos de alto potencial de mellora que se desenvolven ao longo de 480,41 quilómetros de vías autonómicas.

A Xunta incrementa o seu orzamento en conservación, mentres os seus, non vostede, os seus no Goberno do Estado, de conservación cero.

E así teñen as súas estradas da súa competencia cando non se desploma un viaduto, os firmes son unha auténtica sucesión de fochancas. Así que fágao ver e fágao chegar porque ao mellor desde Madrid non se enteran de nada.

Porque a falta de orzamento, señor Font, non é para vostede, é para a súa formación, deixa no aire novamente infraestruturas claves para Galicia.

E falaba vostede de incumprimentos históricos da Xunta de Galicia. Mire, vou poñer uns exemplos. A ponte da Pasaxe, só a primeira fase de ampliación requirirá 31,3 millóns; sen embargo o Estado só contempla nos orzamentos prorrogados unha partida de 500.000 euros. E resulta suficiente, claro, porque Transportes aprobou o proxecto en xullo, pero desde entón non se producisen movementos e o inicio dos traballos están aínda sen data.

Os viadutos da A-6. O Goberno dixo que investiría todo o necesario para a súa reparación, pero dous anos despois do colapso o 80 % carrís da A-6 en Pedrafita non están operativos.

A circunvalación de Pontevedra a A-57, o tramo entre Vilaboa e a Ermida leva nove anos en obras, mentres que para os outros dous tramos soamente hai orzados 500.000 euros.

En contraposición a Xunta reivindica o estilo Galicia, caracterizado por cumprir a palabra dada e, como acaba de dicir a señora conselleira, recuperando esa autovía do Barbanza, a autovía do Salnés, a Ourense-Celanova e Santiago-Brión, que suporán —si, suporán— un aforro de 330 millóns de euros. Porque que vostede non teña que parar na peaxe e darlle o tícket, non significa que esas vías de alta capacidade sexan gratuítas para os galegos e galegas.

Por favor, señor Font, que vostede vén da Administración local, estivo tamén na Administración provincial, non me pode dicir estas cousas. O que se denota das súas intervencións, tanto do voceiro do Partido Socialista como da voceira do BNG é que teñen un gran descoñecemento —sorpresivamente— da execución das obras públicas e da administración.

Miren, xusto o contrario pasa coas autoestradas xestionadas polo Estado, o que fai é a AP-9 e a AP-53 sexan as máis caras de España. E vostede vén aquí a reclamar sobre a autoestradas galegas. A AP-9 ten un custo por usuario máis alto. É a que máis subiu as tarifas en España. E a comezos deste ano o Ministerio de Transportes volveu subir a peaxe da AP-53. É o tramo de autoestrada estatal máis caro de toda España.

Ben, e despois está o bloqueo da transferencia na xestión da AP-9, que xa falamos en numerosas ocasións neste Parlamento. O Goberno si pode permitirse rescatar a Autopista do Mediterráneo, a AP-7, pero, sen embargo, non pode liberar a AP-9. Lévanse quince anos reclamando a transferencia da autoestrada AP-9 a Galicia, unha reclamación amparada ano a ano por este Parlamento; pero despois das declaracións sucesivas do seu Goberno e do seu ministro de Transportes, vémolo cada vez máis lonxe.

E, mire, respecto ao tema da vivenda, a Xunta consciente da evolución do mercado da vivenda, da falla de financiamento por parte das entidades financeiras, da inflación e da ausencia dos plans estatais nesta materia, reforzou, como debullou minuciosamente a conselleira, a Estratexia galega para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e incluso da vivenda protexida.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir concluíndo, señora Deza.

A **señora Deza Martínez**: —Si, remato, señora presidenta—.

Coa posta en marcha dun plan máis ambicioso que inclúe dúas liñas de acción moi importantes que volveu a recalcar hoxe a conselleira: Reforzo da estratexia galega para o desenvolvemento de vivenda protexida, co obxectivo de duplicar o número vivendas públicas. E a posta en marcha da Estratexia galega de solo residencial.

E para dar contido a esas políticas xa explicadas o orzamento do IGVS increméntase este ano un 32,8 %, cunha suba de 55 millóns de euros respecto do ano pasado, cando xa había incrementado...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Conclúa, por favor, señora Deza.

A **señora Deza Martínez**: ...—si— o seu orzamento nun 6,4 % e pasando agora a ter un orzamento de 221,4 millóns de euros, o máis alto da súa historia.

A única política que fixeron vostedes en vivenda foi deixar os Xestures colapsados, como dixo a conselleira, con 280 millóns de débeda.

Nada máis. Grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Deza.

Finalmente ten de novo a palabra a señora conselleira para concluír esta comparecencia.

A **Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue):** Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, gustaríame dicir que é unha falta de respecto insinuar ou dicir textualmente que vimos aquí a traballar dúas horas e logo non sabe que facemos. Eu lle digo o que fai esta conselleira e este equipo de goberno (Pronúncianse palabras que non se perciben.) e este equipo que temos.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Non interrompan, por favor.

A c**onselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue):** Traballamos 24 horas os 7 días da semana e os 365 días do ano. Non sei se podemos dicir o mesmo do seu equipo.

É unha mágoa tamén que non dea tempo para dar clases nin do que supón a escisión dunha sociedade, nin clases de urbanismo, nin da tramitación da contratación administrativa e de execución da obra, e do que é un gasto plurianual.

Entón, o que si que quero dicir é que este Goberno presenta uns orzamentos en tempo e forma, uns orzamentos de preto de 14.000 millóns de euros, rigorosos e

realistas. Tamén son os máis altos da historia de Galicia e iso ten que ver e ten en parte grazas á boa xestión realizada nos anos anteriores. Pero, sobre todo, trátase duns orzamentos que dan un enorme pulo á vivenda, aumentando o orzamento do Instituto Galego de Vivenda e Solo 221 millóns de euros, como a partida destinada á construción de nova vivenda de promoción pública, que triplicamos.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas sitúase como a terceira carteira que máis medra nos orzamentos do 2025, un 8 %; case 514 millóns de euros. A cuarta en maior volume de investimento. Un investimento do que o 40 % destinámolos a vivenda. Dito doutro xeito, 40 de cada 100 euros destinámolos a políticas de vivenda. Ademais, case o 60 % do investimento do IGVS, 126 millóns de euros, destínanse a investimentos reais en vivenda en solo residencial.

A construción de nova vivenda pública sitúase así como un dos nosos obxectivos para esta lexislatura e por iso imos pór en marcha esa sociedade de vivenda pública de Galicia, que será a encargada da construción dunha parte desa vivenda pública que estamos a impulsar.

En definitiva, as contas que reflicte este Goberno sitúan as políticas de vivenda no centro das súas actuacións. Triplicamos os orzamentos en solo residencial e en vivenda pública, rehabilitando edificios para destinalos a vivenda pública, con axudas para impulsar a construción de novas vivendas en alugueiro, con axudas finalistas destinadas á venda de alugueiro, señor Font, cofinanciamos axuda de alugamento que temos agora mesmo con 10 millóns de euros.

E, repítolle, o Bono mocidade aínda non temos ingresado do Goberno central os 11,4 millóns de euros que teñen para Galicia.

Tamén medidas para facilitar a emancipación da mocidade. Por iso reservaremos o 40 % das vivendas en alugueiro e o 25 % das vivendas en venda para menores de 36 anos. Con esa disposición que regulamos eses aloxamentos temporais compartidos como o que imos poñer en marcha en Santiago de Compostela en Xoán XXIII eses 70 aloxamentos de alugueiro accesible e transitorio.

Obxectivos aos que se suman esas medidas fiscais e lexislativas coas que se busca axilizar eses procedementos administrativos para avanzar nestes obxectivos e ter unha rápida resposta e eficiente ás necesidades e ás demandas que nos fai a sociedade.

Son uns orzamentos que non descoidan tampouco a rede de estradas autonómicas, que seguiremos incrementando e mantendo nas mellores condicións, conscientes de que a conservación é un dos elementos máis importantes para a seguridade viaria.

Son orzamentos que nos permitirán, en definitiva, cimentar a Galicia do futuro, mellor vertebrada e mellor conectada con actuacións como as que estamos a facer, incrementaremos a extensión das vías de alta capacidade, melloraremos a competitividade económica e a vertebración do noso país; recuperaremos esas fachadas atlánticas para o uso da cidadanía, con actuacións que abren as cidadanías ao mar.

Ao tempo traballamos en novas infraestruturas sanitarias, educativas e de servizos, ao que os orzamentos da Xunta de Galicia destinan máis de 10.000 millóns de euros; é dicir, 3 de cada 4 euros están destinados á sanidade, á educación e á política social.

Miren, levamos seis meses traballando nesta nova consellería, seis meses nos que fixamos a estratexia de solo residencial, marcamos os obxectivos da vivenda para as sete principais áreas con demanda de vivenda pública e puxemos xa en marcha preto de 1.600 vivendas de nova construción.

Neste tempo reunímonos con alcaldes, con representantes do sector, así como con todos os axentes implicados nos diferentes ámbitos da vivenda tanto arquitectos como promotores, como asociacións, colectivos, xestores, cooperativismo, colexios profesionais. Escoitamos e tomamos nota, e, por suposto, tamén estamos aquí para escoitar as suxestións desta comisión e do Parlamento.

Seis meses que se traducen en centos de quilómetros, ducias de reunións das que quero agradecer a colaboración e a boa dispoñibilidade que atopamos en todos os concellos aos que solicitamos, e así o seguiremos facendo, colaboración.

Como tamén quero aproveitar esta comparecencia para agradecer o traballo de todo este equipo que conforma esta consellería, dos secretarios xerais, das direccións xerais, das delegacións territoriais, do Gabinete e de todo o persoal e o empregado público que traballa cada día a reo e traballa para acadar estes obxectivos que nos fixamos. A todos eles e a todos vós, moitísimas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitísimas grazas, señora Martínez Allegue, por acompañarnos nesta comisión, a vostede e ao seu equipo. Agradecemento que facemos extensivo aos grupos parlamentarios e aos servizos da Cámara.

E suspendemos a sesión ata as 16.00 horas, que continuaremos coa Consellería de Política Social e Igualdade.

(Suspéndese a sesión ás 14.15 horas).